

QUE OCORREU ANTES DOS ROMANOS? RELACIONA:

IBEROS

Establecéronse na costa andaluza e nas illas Baleares. Fundaron Cádiz, a cidade máis antiga de España. Inventaron o noso **alfabeto**.

CELTAS

Vivían no sur e no leste da Península, en **tribos**, gobernadas por un **rei**. Dedicábanse a agricultura e á gandería. Eran expertos **artesáns**. **Coñecían a escritura** e tiñan as súas propias **moedas**. Incineraban os mortos.

FENICIOS

Instaláronse na costa mediterránea. Vivían en pequenas cidades chamadas **polis**. Cada **unha tiña lei e exército propio**. A polis máis importante foi **Atenas**. Crían en moitos deuses.

GREGOS

Instaláronse no norte, no centro e no oeste da Península. Os seus poboados chamábanse **castros**. Eran expertos **na elaboración de metal**. **Non coñecían a escritura nin tiñan moedas**.

DESPOIS DO GREGOS CHEGARON OS CARTAXINESES E FINALMENTE CHEGARON OS ROMANOS.